

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente:
Manuel Fernández Jauregui

Xefe do Servizo de PAS:
José Manuel Fernández Viña

Redacción de acta:
María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO) (presidente)
Marisa Magaz Lledo (CCOO)
Pablo Alvarez Rodríguez (UGT)
Roberto Otero Lledo (CIG)
Federico Fernández Fernández (CIG)
Carlos Román Lago (CIG)
Carlos Mollinedo (CIG, escusa a ausencia)
Alfonso Bascoc Fernández (CCOO, escusa a ausencia)
José Estevez Vazquez (CCOO, escusa a ausencia)
Margarita Turnes Negreira (CCOO)
Luciano Otero Camiña (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)-Presidente
Rodrigo Alberte Pividra (CIG)
César Gómez Gómez (CIG, escusa a ausencia)
José Manuel García Eirín (CIG)
Miguel García (UGT, escusa a ausencia)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 10:30 horas, do 20 de xullo de 2017 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA


1. Negociación do concurso de traslados do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

O xerente manifesta que unha vez executada a RPT, a súa intención é convocar un concurso de traslados, nunha data que estará influída pola sentenza sobre o conflito colectivo contra o concurso de méritos, formulado por UXT e ao que adheriron os demais sindicatos. Que a situación que se está a vivir e totalmente allea aos seu intereses.

Federico Fernández di que ás vacantes se deberían engadir as xubilacións previstas.

Pablo Álvarez pregunta ao Xerente se non convocaría o concurso de méritos, no caso de fallo favorable aos sindicatos.

O xerente explica que a luz da sentenza firme procederase consonte ao que se determine na mesma, coma sempre, con total respeito polas decisións xudiciais. Salienta que como consecuencia da actuación dos sindicatos, que non respectaron o acordo coa Xerencia previamente existente, existe



Universidade de Vigo

unha unha serie de compañeiros que podendo, non están a cobrar o complemento de responsabilidade, sen prexuízo das disfuncións que se están a xerar en varios servizos, como xa lle teñen trasladado directamente os responsables PAS aos representantes sindicais, algo nin buscado nin desexado pola Xerencia, que convocou o concurso para adjudicar as responsabilidades, consonte un acordo negociado e acordado coa maioría dos sindicatos.

Federico Fernández reclama que se conteste a algúns escritos enviados en relación ao concurso.

O Xerente manifesta que non sabe a que se refire, que de se o caso que por favor, reiteren o pedimento, que a Xerencia ten por costume responder en prazos razonables aos escritos e pedimentos que se formulan.

O presidente do C. de Empresa de Ourense (CEO) insta que se axusten á orde do día.


O presidente do CEO di que o obxectivo do concurso de traslados é que quen o deseche cambie de posto. Mientras non se convoca, se poden facer outras cousas: na oferta de emprego público (OEP) hai promoción interna que podería liberar prazas para o concurso, podería facerse un miniconcurso para os Técnicos Especialistas de Servizos Xerais (TESX), que non afectaría a terceiros e liberarían prazas de Auxiliares Técnicos de Servizos Xerais, facendo coincidir todos os movementos para non afectar negativamente aos servizos e dado que case non hai fixos que queiran cambiar de campus.

O xerente pregunta cal sería a orde destes procesos.

O presidente do CEO explica que habería que elaborar os temarios para a promoción interna dos TESX incluídos na OEP de 2016, logo realizar un miniconcurso para esta mesma categoría, no que se liberarían prazas de ATSX que se incluirían no concurso xeral, a convocar despois.

O xerente pide que os comités presenten por escrito o cronograma e unha proposta de temario, para poder estudalos e avanzar, co obxectivo de convocar o concurso xeral durante 2017 ou principios de 2018.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:30 horas.

Three handwritten signatures in blue ink, likely belonging to the individuals mentioned in the document, are placed here. The first signature on the left is long and sweeping. The second signature in the center is more compact and stylized. The third signature on the right is also stylized and appears to end with a small mark or initial.